DEPUTACIÓN OURENSE

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno correspondente ao día 26 de outubro de 2026

Con data vinte e seis de outubro do ano dous mil vinte e seis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.ª Marta Nóvoa Iglesias

D.ª Ana Patricia Torres Madureira.

Dª. María Teresa Barge Bello.

D. Jorge Pumar Tesouro.

D. Manuel Seoane Rodríguez.

D. Plácido Álvarez Dobaño.

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García.

Interventora:

Dª María Begoña Álvarez Matos.

Escusan a súa ausencia os deputados provinciais D. César Manuel Fernández Gil e D. Rosendo Luís Fernández Fernández.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2026 (2026/39D/XGL).- A Secretaría

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de outubro de 2026.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 19 de outubro de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO SUPRAMUNICIPAL DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN (RCDs) NA PLANTA DE RESIDUOS NON PERIGOSOS CON VERTEDOIRO ASOCIADO, PROPIEDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (Exp. 2026/14257N).- De conformidade co ditame adoptado na Comisión Informativa correspondente, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o expediente elaborado para a contratación da concesión do servizo supramunicipal de recollida e tratamento de residuos das obras de construción e demolición (RCDs) na planta de residuos non perigosos con vertedoiro asociado, propiedade da Deputación Provincial de Ourense, sita no lugar de Morgade, termo municipal de Xinzo de Limia, do que non se deriva gasto para as arcas provinciais.

2º.- Dispoñer a apertura da fase de adxudicación mediante procedemento aberto (artigos 156 a 158 da LCSP) e en trámite ordinario (artigos 116 e 117 da LCSP). A opción polo procedemento aberto devén da súa configuración como procedemento ordinario de contratación (xunto co restrinxido) no artigo 131.2 da LCSP.

3º DESESTIMACIÓN Á DECLARACIÓN DE NULIDADE DE PLENO DEREITO FORMULADA EN DATA 3 DE XULLO DE 2026 POR DON ANTONIO DÍAZ FERNANDEZ. (Exp, 2026/11358B).- De conformidade co ditame adoptado na Comisión Informativa correspondente, a Xunta de Goberno acorda:

1) Desestimar a solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito de oficio formulada en data 3 de xullo 2026 por don Antonio Díaz Fernández respecto da

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

parcela 3 do expediente expropiatorio nº11/PB/07, con base no informe-proposta do xefe do Gabinete de Asesoría Xurídica e asistencia a municipios da Deputación de Ourense:

"Jaime Antonio Pintos Pérez, xefe do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios da Deputación Provincial de Ourense emite o seguinte informe-proposta:

ALEGACIÓNS

***PRIMEIRA**.- **DA CORRECTA TRAMITACIÓN DO NECESARIO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA**.*
Con motivo da execución do proxecto de construción da Pasarela Peonil en Viloira, a Deputación Provincial de Ourense iniciou o preceptivo expediente expropiatorio para a adquisición dos bens e dereitos necesarios para a execución de dereita obra pública, formulándose a relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados conforme co establecido nos artigos 17 e seguintes da Lei de expropiación forzosa.
Durante a tramitación do devandito expediente foi aprobada a correspondente relación definitiva de bens e dereitos afectados e declarouse a necesidade de ocupación de predios necesarios para a realización da obra proxectada, continuando co procedemento conforme coas previsións contidas na Lei de expropiación forzosa e no seu Regulamento.
En canto á parcela obxecto da presente solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito, no Catastro Inmobiliario tal predio figura e figuraba como de titularidade descoñecida, circunstancia que determinou a aplicación do réxime previsto no artigo 3 da Lei de expropiación forzosa para a determinación dos interesados no procedemento. Como consecuencia, publicouse o anuncio da expropiación de tal parcela no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense en días, 4 de maio de 2007, 11 de xullo de 2007 e 5 de abril de 2008, así como tamén no xornal a Rexión en datas 1 de maio de 2007 e 3 de abril de 2008. Así mesmo, o procedemento foi comunicado á Fiscalía da Audiencia Provincial de Ourense, como así consta no recuse de recibo con data 1 de agosto de 2007. Publicouse á súa vez no taboleiro de anuncios do Concello do Barco de Valdeorras, tamén foron notificados de maneira individual aos propietarios que así figuraban en Catastro ao momento de incoar o procedemento expropiatorio.
Unha vez finalizado o trámite de información pública sen recibir alegacións por parte de ningún interesado acerca da súa desconformidade ou oposición ao procedemento expropiatorio que puidese poñer en perigo os seus dereitos, o procedemento continuou a súa tramitación ata a correspondente determinación do prezo xusto.
Aínda que o titular da devandita parcela obxecto de litixio figuraba como descoñecido, procedeuse á consignación do importe correspondente na Caixa Xeral de Depósitos conforme co disposto no artigo 50 da Lei de expropiación forzosa. En data 3 de xullo de 2026 tivo entrada nesta Administración solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito por don Antonio Díaz Fernández, ao amparo do artigo 106 da Lei 35/2015 interesando a declaración de oficio da nulidade das actuacións do procedemento expropiatorio por falta de notificación preceptiva ao interesado.

***SEGUNDA**.- **SOBRE A NULIDADE DE PLENO DEREITO**.*
Debe partirse da premisa de que a solicitude de nulidade de pleno dereito non pode utilizarse como un mecanismo para reabrir un procedemento expropiatorio firme. Non cabe alegar a nulidade do procedemento expropiatorio nº 11/PB/07 en base aos motivos a continuación expostos.
A revisión de oficio prevista no artigo 106 da Lei 39/2015 ten un carácter excepcional. Non constitúe unha vía alternativa aos recursos administrativos ou xurisdicionais que o interesado podía exercitar no seu momento, nin permite revisar calquera posible infracción da legalidade cometida durante a tramitación do procedemento. A súa finalidade limítase a depurar aqueles actos administrativos que incorren nalgunha das causas taxadas de nulidade de pleno dereito do artigo 47.1 LPAC, as cales deben interpretarse de forma restritiva dada a presunción de validez dos actos administrativos tal e como dispón o artigo 39 LPAC e o principio de seguridade xurídica consagrado no artigo 9.3 da Constitución. Por iso, cando o interesado pretende cuestionar pola vía do artigo 47 apartado a) e apartado e), anos despois da firmeza do expediente expropiatorio, a regularidade da tramitación alegando unha suposta deficiente notificación, a Administración debe examinar se os feitos descritos constitúen realmente unha causa de nulidade radical ou, pola contra, trátase dunha cuestión de mera legalidade que debeu facerse valer mediante os recursos ordinarios previstos no ordenamento.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

A xurisprudencia do Tribunal Supremo vén declarando que a revisión de oficio non pode converterse nun instrumento para reabrir procedementos definitivamente concluídos, máis concretamente, e por todas a STS, Sala Terceira, do 11 de abril de 2008, rec. 4114/2004, nin para corrixir calquera posible irregularidade, senón unicamente para eliminar actos afectados por vicios de especial gravidade. A alegación consistente en que o interesado non recibiu unha notificación individualizada non determina automaticamente a nulidade do procedemento expropiatorio. Debe distinguirse entre: a inexistencia absoluta do procedemento ou a omisión total das garantías esenciais, que pode integrar a causa de nulidade prevista no artigo 47.1.e) LPAC; e as eventuais incidencias, non acreditadas, na práctica das notificacións, que unicamente producirán efectos invalidantes cando xerasen unha verdadeira indefensión material, non quedando probada no seu momento a titularidade da referida parcela polo agora recorrente.

O Tribunal Constitucional e o Tribunal Supremo veñen afirmando de forma constante que a indefensión constitucionalmente relevante non deriva de calquera infracción formal das normas sobre notificacións, senón unicamente daquela actuación administrativa que prive efectivamente ao interesado da posibilidade de defender os seus dereitos por causas imputables á Administración.

Nos procedementos expropiatorios a lexislación contempla expresamente a posibilidade de que existan predios cuxos propietarios resulten descoñecidos ou cuxo domicilio sexa ignorado. En tales supostos, a Administración non queda paralizada nin obrigada a suspender indefinidamente o procedemento ata localizar ao titular, senón que debe acudir aos mecanismos de publicidade substitutoria previstos legalmente, mediante as publicacións oficiais correspondentes e o resto de actuacións esixidas pola lexislación expropiatoria e pola normativa reguladora das notificacións administrativas e se non hai máis remedio a consignación do prezo xusto, de que é coñecedor o agora recorrente.

En consecuencia, se durante a tramitación do expediente a Administración actuou sobre a base da información que consta nese momento, considerou razoablemente descoñecida a titularidade ou imposible a notificación persoal e practicou todas as publicacións legalmente esixidas, non pode afirmarse que prescindise total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

TERCEIRA**. -**SOBRE A NON ADMISIÓN DA DECLARACIÓN DE NULIDADE DE PLENO DEREITO.

*De conformidade co disposto no artigo 116.e) da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a non admisión da solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito por carecer manifestamente de fundamento**,** tendo en conta que o interesado tiña pleno coñecemento dos feitos no momento en que se levou a cabo a expropiación, mérito ás publicacións realizadas.*

No procedemento expropiatorio, o predio obxecto de expropiación situada na Rúa Real figuraba no Catastro sen titular identificado. En consecuencia, a Administración tramitou o expediente considerando ao titular como descoñecido, seguindo integramente o procedemento previsto na lexislación aplicable. Neste sentido, os artigos 52 e seguintes da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, establecen que cando o titular sexa descoñecido, "coa mesma anticipación publicaranse edictos nos taboleiros oficiais e, en resumo, no Boletín Oficial do Estado e no da Provincia, nun xornal da localidade e nun diario da capital da provincia, se o houbese".

O procedemento foi tramitado con pleno respecto a todas as garantías legalmente esixidas. Así, o anuncio da expropiación foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Provincia de Ourense, tamén no xornal de maior audiencia. Igualmente, o procedemento foi comunicado á Fiscalía da Audiencia Provincial de Ourense. Do mesmo xeito, publicouse no taboleiro de anuncios do Concello do Barco de Valdeorras e notificouse individualmente aos propietarios afectados que eran coñecidos e figuraban no Catastro ao iniciarse o procedemento expropiatorio.

Debe destacarse igualmente que o prezo xusto fixado por esta Administración para o predio situado na Rúa Real, por importe de 1.989,01 euros, foi debidamente consignado na Caixa Xeral de Depósitos, de conformidade co previsto no artigo 50.1 da Lei de expropiación forzosa para os supostos en que o titular do ben resulte descoñecido ou non compareza no expediente. Esta consignación constitúe unha proba adicional de que a Administración observou escrupulosamente todas as garantías e requisitos legalmente establecidos durante a tramitación do procedemento expropiatorio, asegurando a efectiva protección dos eventuais dereitos que puidese ostentar calquera persoa que acreditase posteriormente a súa condición de titular. Deste xeito, non só se realizaron as publicacións e notificacións esixidas pola Lei de expropiación forzosa, senón que tamén se deu cumprimento á obrigación de consignar o prezo xusto, completándose o procedemento con pleno respecto aos principios de legalidade, seguridade xurídica e tutela dos posibles interesados e ao xurado de expropiacións de Galicia.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

Así mesmo, durante o prazo de quince días conferido pola Lei de expropiación forzosa nos artigos 19 e 18.1 que di o seguinte: "1. Recibida a relación sinalada no artigo anterior, o gobernador civil abrirá información pública durante un prazo de quince días.", e o prazo de vinte días conferido pola mencionada Lei nos artigos 29.1 e 30.1 que manifestan o seguinte respectivamente: 29.1." En cada un dos expedientes así formados a Administración requirirá aos propietarios para que no prazo de vinte días, a contar desde o seguinte ao da notificación, presentar folla de aprecio, na que se concrete o valor en que estimen o obxecto que se expropia, podendo aducir cantas alegacións estimen pertinentes.", 30.1 "A Administración expropiadora haberá de aceptar ou rexeitar a valoración dos propietarios en igual prazo de vinte días." para que os interesados puidesen formular alegacións tras a publicación do anuncio de expropiación, esta Administración non recibiu alegación ningunha relativa ao procedemento expropiatorio. En consecuencia, o expediente continuou a súa tramitación conforme co disposto na propia Lei de expropiación forzosa, sen que existise oposición nin alegación por parte de quen puidese ostentar algún dereito sobre o predio dentro do prazo legalmente establecido. Especial interese reviste, neste sentido, a referida STS, Sala Terceira, do 11 de abril de 2008, rec. 4114/2004, que analiza o suposto de autos.
Por todo o exposto, esta parte sostén que se cumpriron integramente todos os trámites legalmente esixidos para a notificación a un titular descoñecido, debendo entenderse validamente practicada esta unha vez observados todos os requisitos establecidos pola Lei, por tanto, non existe fundamento válido ou suficiente para a nulidade de pleno dereito que a outra parte solicita.

***CUARTA**.- **SOBRE A TITULARIDADE DA PARCELA 3 DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO**.*
Doutra banda, a parte autora fundamenta a súa pretensión nunha escritura pública e nunha certificación rexistral de carácter histórico. Con todo, esta documentación non permite acreditar de forma fidedigna que o predio descrito nela se corresponda coa parcela que foi obxecto do procedemento expropiatorio. En particular, a superficie reflectida na documentación, cuxo orixe se remonta ao ano 1900, non coincide coa superficie catastral actual, nin a descrición literaria do predio e os seus lindeiros resulta plenamente compatible coa realidade física e urbanística existente. Do mesmo xeito, as características construtivas recollidas na escritura tampouco se corresponden coas que constan na documentación catastral antiga nin no expediente administrativo. Tampouco en bases de datos de acceso público dependentes da Xunta de Galicia, onde a través dunha páxina web móstrase datos do denominado Voo Americano, datado do ano 1957 onde esta parcela xa figuraba como pública, así como tamén en datos do 1970 da cartografía local facilitada polo propio Concello do Barco de Valdeorras.

QUINTA.- SOBRE A INNECESARIEDADE DE SOLICITAR DITAME DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA.
A presente solicitude de revisión de oficio non require a previa emisión de ditame polo Consello Consultivo de Galicia, ao concorrer o suposto expresamente previsto no artigo 106.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
En efecto, aínda que o artigo 106.1 da citada Lei establece, con carácter xeral, que a declaración de nulidade de pleno dereito dos actos administrativos debe acordarse previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, o apartado 3 do mesmo precepto contempla expresamente unha excepción para as solicitudes formuladas polos interesados cando estas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 47.1 ou carezan manifestamente de fundamento. Nestes supostos, o órgano competente pode acordar motivadamente a non admisión a trámite da solicitude sen necesidade de solicitar ditame do órgano consultivo autonómico.
No presente caso, a solicitude formulada por don Antonio Díaz Fernández fundaméntase esencialmente na suposta falta de notificación individual das actuacións expropiatorias. Con todo, da documentación que consta no expediente resulta que a Administración seguiu o procedemento legalmente establecido para os supostos en que a titularidade do predio figuraba como descoñecida, realizando as correspondentes publicacións oficiais, dando publicidade ao procedemento e procedendo, así mesmo, á consignación do prezo xusto na Caixa Xeral de Depósitos.
Por tanto, a pretensión formulada non pon de manifesto a existencia dunha causa de nulidade radical que permita encadrar as actuacións administrativas nalgún dos supostos do artigo 47.1 da Lei 39/2015, senón que pretende cuestionar, transcorridos varios anos desde a tramitación e conclusión do expediente expropiatorio, a regularidade de determinadas actuacións de comunicación e notificación. Tales circunstancias, aínda cando hipoteticamente puidesen ser obxecto de valoración no ámbito da legalidade ordinaria, non permiten apreciar, nos termos en que foi formulada a solicitude, a concorrencia dun vicio de nulidade de pleno dereito.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

En consecuencia, ao carecer manifestamente de fundamento a solicitude de revisión de oficio exposta, resulta de aplicación a excepción contemplada no artigo 106.3 da Lei 39/2015, polo que non resulta preceptivo solicitar ditame do Consello Consultivo de Galicia, podendo o órgano competente acordar motivadamente a non admisión a trámite da solicitude sen necesidade de solicitar o devandito ditame. Esta previsión correspóndese, ademais, coa regulación autonómica do Consello Consultivo de Galicia, que configura como preceptiva a súa intervención nos procedementos de revisión de oficio nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

SEXTA.- SOBRE A IMPROCEDENCIA DE QUE A ADMINISTRACIÓN DETERMINE OU RECOÑEZA A TITULARIDADE DOMINICAL DA PARCELA.

A cuestión relativa á titularidade dominical da parcela excede do obxecto propio do presente procedemento de revisión de oficio e non pode ser resolta pola Deputación Provincial de Ourense mediante unha declaración administrativa que atribúa a propiedade do predio a don Antonio Díaz Fernández. A eventual existencia dun dereito de propiedade sobre a parcela, a súa correspondencia co predio descrito na documentación histórica achegada e, en definitiva, a identificación e delimitación do dereito dominical invocado constitúen cuestións de natureza esencialmente civil que deberán, no seu caso, ser ventiladas ante os órganos da xurisdición civil.

En efecto, a Administración non pode, no marco dun procedemento de revisión de oficio de actos administrativos, efectuar un pronunciamento declarativo con efectos constitutivos ou definitivos sobre a propiedade privada dun inmoble cando existe controversia acerca da súa titularidade. O obxecto da revisión de oficio circunscríbese a determinar se o acto administrativo sometido a revisión incorre nalgún dos supostos de nulidade de pleno dereito previstos legalmente, pero non pode converterse nun procedemento destinado a recoñecer dereitos dominicais cuxa existencia, alcance ou correspondencia física cunha determinada parcela resulta controvertida.

Esta conclusión resulta coherente co réxime xurídico do patrimonio das administracións públicas. O artigo 41.2 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, establece expresamente que o coñecemento das cuestións de natureza civil que se susciten con ocasión do exercicio pola Administración das súas potestades patrimoniais corresponde aos órganos da orde xurisdicional civil. Así mesmo, o artigo 9.2 da Lei orgánica do poder xudicial dispón que os tribunais da orde civil coñecerán de todas as materias que lle son propias, así como de todas aquelas que non estean atribuídas a outra orde xurisdicional. Dado que a propiedade é a institución central do dereito privado, o seu debate corresponde por defecto á xurisdición civil. Por conseguinte, a Deputación Provincial pode valorar, a efectos estritamente administrativos e dentro do ámbito das súas competencias, a documentación que consta no expediente e tomala en consideración para resolver a solicitude de revisión de oficio, pero non pode conferir nin recoñecer a don Antonio Díaz Fernández a titularidade dominical da parcela, nin tampouco declarar con carácter definitivo que a leira histórica cuxa titularidade invoca correspóndese coa parcela n.º 3 do expediente expropiatorio. En consecuencia, se o interesado sostén que ostenta un dereito de propiedade sobre a parcela expropiada e considera que este dereito foi descoñecido ou indebidamente afectado pola actuación administrativa, deberá exercitar, no seu caso, as accións civís que estime procedentes ante o órgano xurisdicional competente, correspondendo á devandita xurisdición determinar, con plenitude de coñecemento, a existencia do dereito de propiedade alegado, a súa titularidade, a identidade física do predio e, no seu caso, as consecuencias xurídicas que diso puidesen derivarse.

Por tanto, a documentación achegada polo interesado non pode determinar por si mesma a nulidade de pleno dereito do procedemento expropiatorio, nin pode obrigar a esta Administración para recoñecer unha titularidade dominical que se atopa controvertida e cuxa determinación definitiva non corresponde efectuar no presente procedemento administrativo.

Así mesmo, debe terse en conta que se trata dun título de máis dun século de antigüidade, período durante o cal o inmoble podía ser obxecto de segregacións, agrupacións, ampliacións ou outras alteracións físicas e xurídicas que dificultan a súa identificación exacta. Non se achega ningunha acreditación acerca de ningunha obra ou ampliación que o inmoble sufrise.

En consecuencia, a documentación achegada acredita unicamente a existencia dun predio histórico, pero non permite concluír, co grao de certeza esixible, que se trate da mesma parcela expropiada, polo que non desvirtúa a actuación administrativa nin acredita a titularidade invocada pola parte autora.

Debe poñerse igualmente de manifesto que a expropiación obxecto do presente procedemento levouse a cabo para a execución do proxecto municipal denominado "Construción de Pasarela Peonil en Viloira ", cuxa finalidade era comunicar ambas as marxes do río Sil ao seu paso pola localidade do Barco de Valdeorras mediante a construción dunha pasarela peonil.

A parcela cuxa titularidade reclama agora a parte autora constitúe o espazo de desembarque da devandita pasarela, correspondente á Plazuela da Capitana, un espazo que desde hai décadas atópase destinado ao uso

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

público e forma parte do viario urbano. En consecuencia, carece de fundamento soster que este terreo constitúa un predio privado alleo ao dominio público, cando o seu destino e utilización foron de forma continuada os propios dun ben de uso público.
Esta circunstancia queda corroborada pola documentación que consta no expediente. En primeiro lugar, polo informe urbanístico emitido polo Concello do Barco de Valdeorras, no que se fai constar que a pasarela parte dunha parcela clasificada urbanisticamente como "viarias da zona vella", o que evidencia a súa natureza demanial e o seu destino ao uso público. En segundo lugar, polo plano parcelario incorporado ao expediente expropiatorio, do que resulta que a parcela agora reclamada figura identificada como "praza pública", lindando co número 18 da Rúa Real, circunstancia incompatible coa consideración de predio privado que sostén a parte autora. Finalmente, debe citarse a Sentenza nº 103/2021 do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 do Barco de Valdeorras, cuxa valoración resulta igualmente relevante a efectos de determinar a natureza xurídica do terreo.
En definitiva, todos estes elementos obxectivos poñen de manifesto que o terreo litixioso foi considerado e tratado polas administracións públicas como un espazo de dominio público destinado ao uso xeral desde moito antes da tramitación do procedemento expropiatorio, reforzando así a plena conformidade a Dereito das actuacións administrativas realizadas. A maiores, aínda no hipotético suposto de que a parcela fose orixinariamente de titularidade privada, o certo é que, tal e como se expuxo no presente escrito, desde o ano 1957 a Administración veuna considerando e utilizando de forma pública, pacífica, continuada e ininterrompida como parte integrante da Plazuela da Capitana, destinada ao uso e dominio público.
En consecuencia, cando se iniciou o procedemento expropiatorio no ano 2007, transcorreran sobradamente os prazos legalmente esixidos para a adquisición do dominio por prescrición adquisitiva, é dicir, usucapión, ao exercerse unha posesión pública, pacífica e ininterrompida durante máis de trinta anos, sen necesidade de boa fe nin de xusto título. Por iso, a Administración adquiriría a súa propiedade por usucapión con anterioridade ao comezo do procedemento expropiatorio".

4º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DA OU-304 A ARMADA (OU-404) – ASTARIZ (OU-402) FASE 3, NO TERMO MUNICIPAL DE CASTRELO DE MIÑO (OURENSE). (Exp. 2026/7890Z).- De conformidade co ditame adoptado na Comisión Informativa correspondente, a Xunta de Goberno acorda:

1) Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, das obras de "Acondicionamento da OU-304 A Armada (OU-404) – Astariz (OU-402) Fase 3", en el término municipal de Castrelo Miño (Ourense), cuxo proxecto foi aprobado definitivamente mediante resolución da Presidencia desta Deputación con data 17 de abril de 2026 e número 2026/5235, no termo municipal de Castrelo de Miño, o atoparse incluidas nos supostos recollidos no artigo 22 da Ley 8/2013, de 28 de junio, de carreteras de Galicia.

2) Acordar definitivamente, o abeiro do disposto polo artigo 22, párrafo quinto, da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia. a NECESIDADE DE OCUPACION, CON CARÁCTER URXENTE, dos bens e dereitos necesarios para

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

execución das obras “Acondicionamento da OU-304 A Armada (OU-404) – Astariz (OU-402) Fase 3”, aos efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa e de conformidade co reflectido no cadro seguinte:

Finca	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietarios	Dominio
12	20	65	32023A020000650000HS	- HEREDEROS DE LUISA PEREZ ALBERTE	164,97
27	16	38	32023A016000380000HL	- HEREDEROS DE RAMIRO COUGIL CARNERO	27,33
32	16	35	32023A016000350000HG	-HEREDERIS DE MAGIN MENDEZ ALBERTE	17,55
35	16	1000	32023A016010000000HH	- DE ASTARIZ VECINOS - CELSO LOPEZ RODRIGUEZ - CASIMIRO GONZALEZ GIL - SOCIEDAD LIMITADA ADEGAS TERRAE, - OLGA GONZALEZ ALBERTE - MARIA PURIFICACION GONZALEZ PEREZ - BENITA GONZALEZ PEREZ - HEREDEROS DE FELISINDO LORENZO PEREZ - HEREDEROS DE LUIS GONZALEZ LOPEZ - HEREDEROS DE MAGIN MENDEZ ALBERTE - HEREDEROS DE AMANCIO RODRIGUEZ MENDEZ - ANTONIO CARRIZO CADAYA - MIGUEL ANTONIO RODRIGUEZ PEREZ - HEREDEROS DE RAMON NIETO MAROTO - DOLORES MENDEZ MIRANDA - ROCIO GONZALEZ MARTINEZ - EULOGIO FERNANDEZ FERNANDEZ - HEREDEROS DE CARMEN RODRIGUEZ CADAYA - HEREDEROS DE ISABEL GONZALEZ ALVAREZ - PURA PEREZ GONZALEZ - HEREDEROS DE JESUS TOUZA IGLESIAS - JESUS TOUZA TOUZA - MARIA LUZ PEREZ GONZALEZ - HEREDEROS DE MATILDE LOPEZ RODRIGUEZ - HEREDEROS DE MANUEL CARNERO IGLESIAS - MARIA DEL CARMEN RODRIGUEZ GONZALEZ - HEREDEROS DE ENRIQUE TABOADA GONZALEZ - LORENZO MENDEZ GONZALEZ - MARIA POUSADA DIEGUEZ - HEREDEROS DE LUIS GONZALEZ FEIJOO - HEREDEROS DE CLAUDINO RODRIGUEZ COUGIL - HEREDEROS DE LUIS PEREZ POUSA - HEREDEROS DE HERMINIA PEREZ POUSA - CARMEN ALONSO OLLEROS - HEREDEROS DE EVANGELINA MENDEZ CARNERO	36,10

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

				- HEREDEROS DE JOSE TOUZA TOUZA - Constantino Diaz Lopez -Jose Diaz Lopez	

3) Fixar para o próximo día 6 de novembro de 2026, nas horas que se indican a continuación na Casa do concello de Castrelo de Miño, para proceder ao pago ou depósito dos importes da valoración dos bens afectados pola expropiación, así como para o levantamento das "ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN", citándose aos propietarios dos bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio, e a calquera outro interesado no procedemento, para que se presenten no lugar que se indica, podendo facer constar todo os extremos aos que se refire a regra 3ª do artigo 52.2 da Lei de expropiación forzosa

Tamén se fai constar que, ata o momento de redacción das actas previas, os interesados poderán formular, por escrito, ante esta Deputación, alegaciónes, para os efectos unicamente de corrixir posibles erros na descrición dos inmobles afectados de urxente ocupación, así como examinar o expediente no que figuran as características das parcelas e o detalle dos bens objecto de expropiación, cos seus dereitos e accesorios, e que a súa incomparecencia non impedirá que se redacten as oportunas actas.

Bens a ocupar, lugar, data e hora de citación para a redacción das actas previas

Finca	Polig.	Parc.	Propietarios	Clasificación	Dominio	Citación
12	20	65	- HEREDEROS DE LUISA PEREZ ALBERTE	Viña secano	164,97	06/11/26 11:00
27	16	38	- HEREDEROS DE RAMIRO COUGIL CARNERO	Viña secano	27,33	06/11/26 11:00
32	16	35	-HEREDERIS DE MAGIN MENDEZ ALBERTE	Improdutivo	17,55	06/11/26 11:15
35	16	1000	- DE ASTARIZ VECINOS - CELSO LOPEZ RODRIGUEZ - CASIMIRO GONZALEZ GIL - SOCIEDAD LIMITADA ADEGAS TERRAE, - OLGA GONZALEZ ALBERTE - MARIA PURIFICACION GONZALEZ PEREZ - BENITA GONZALEZ PEREZ - HEREDEROS DE FELISINDO LORENZO PEREZ	Matagueira	36,10	06/11/26 11:15

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

			- HEREDEROS DE LUIS GONZALEZ LOPEZ - HEREDEROS DE MAGIN MENDEZ ALBERTE - HEREDEROS DE AMANCIO RODRIGUEZ MENDEZ - ANTONIO CARRIZO CADAYA - MIGUEL ANTONIO RODRIGUEZ PEREZ - HEREDEROS DE RAMON NIETO MAROTO - DOLORES MENDEZ MIRANDA - ROCIO GONZALEZ MARTINEZ - EULOGIO FERNANDEZ FERNANDEZ - HEREDEROS DE CARMEN RODRIGUEZ CADAYA - HEREDEROS DE ISABEL GONZALEZ ALVAREZ - PURA PEREZ GONZALEZ - HEREDEROS DE JESUS TOUZA IGLESIAS - JESUS TOUZA TOUZA - MARIA LUZ PEREZ GONZALEZ - HEREDEROS DE MATILDE LOPEZ RODRIGUEZ - HEREDEROS DE MANUEL CARNERO IGLESIAS - MARIA DEL CARMEN RODRIGUEZ GONZALEZ - HEREDEROS DE ENRIQUE TABOADA GONZALEZ - LORENZO MENDEZ GONZALEZ - MARIA POUSADA DIEGUEZ - HEREDEROS DE LUIS GONZALEZ FEIJOO - HEREDEROS DE CLAUDINO RODRIGUEZ COUGIL - HEREDEROS DE LUIS PEREZ POUSA - HEREDEROS DE HERMINIA PEREZ POUSA - CARMEN ALONSO OLLEROS - HEREDEROS DE EVANGELINA MENDEZ CARNERO - HEREDEROS DE JOSE TOUZA TOUZA -Constantino Diaz Lopez -Jose Diaz Lopez			

4) Notificar esta resolución ós interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

5º.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN NO MARCO DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS MEDIANTE COCORRENCIA COMPETITIVA A CONCELLOS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN, REHABILITACIÓN E/OU MELLORA DE VIVENDAS DESTINADAS AO ALUGUER RESIDENCIAL, ANO 2026 (Exp.2026/6807N).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.– Modificar o prazo de xustificación do "Concurso para a concesión de subvencións mediante concorrencia competitiva a concellos destinadas á adquisición, rehabilitación e/ou mellora de vivendas destinadas ao aluguer residencial, ano 2026", fixado no acordo do 13 de outubro de 2026.

SEGUNDO.– Ampliar o devandito prazo de xustificación ata o 31 de outubro de 2027.

TERCEIRO.- Ordear a publicación deste acordo na Sede Electrónica da Deputación de Ourense e no Boletín Oficial da Provincia.

6º.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2026. IMPORTE: 79.120,00 euros. (Exp. 2026/4160X).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º) Inadmitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

1.1. Por presentar a solicitude fora do prazo establecido nas bases da convocatoria:

- Club Baloncesto Allariz, para o proxecto "*II Campionato 3x3 Allariz26*".

1.2. Por presentar renuncia á solicitude de subvención:

- Club Hockey Barrocás, para o proxecto "*Organización fase de ascenso a División de Honor B masculino*".

2º) Excluír da valoración as seguintes solicitudes polos motivos que se indican:

- **Federación Gallega de Balonmán**, para "*Torneo Provincial Termal de Minibalonmán*": esta solicitude queda excluída da valoración por ter o mesmo contido que a solicitude presentada tamén por esta entidade para o "Torneo de Balonmán Cidade das Burgas".
- **Club Ciclista Terras de Celanova,** para o proxecto "Duatlón Celanova 2026", por non presentar orzamento de gastos e ingresos.
- **Club deportivo Córgomo Vilamartín**, para "III Camiño de Inverno", por non

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

celebrar o evento.

- **Club Asaltamontes** , para "VIII Asaltamontes Trail", por presentar a solictude en prazo pero a documentación valorable fora de prazo, por presentar a solicitude en prazo pero a documentación valorable fora de prazo, tendo en conta que non é emendable ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva.

3º) Denegar subvención, por non acadar a puntuación mínima establecida pola Comisión de Valoración (35 puntos), tendo en conta o número de solicitudes presentadas e os criterios de valoración que rexen a presente convocatoria, ás seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	ACTUACIÓN
OUR-O	G19818970	Prueba Liga Galega Sprint de Orientación a pie
Escuela Deportiva Artai	G32352593	Campionatos galegos de Kungfu Moderno
Antela Fútbol Club	G32031643	Fútbo 11 Lethes Cup. Memorial Ramón de la Fuente
Asoc. Veciños A Rábeda	G32315046	I Andaina Popular da Rábeda
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	G32324865	"Trail Entroidos 2026 - Equitación de trabajo"
Asoc. Española Contra el Cáncer	G28197564	Partido de Baloncesto Contra o Cancro
Club Deportivo Allariz	G32209330	I Torneo Fútbol Base Vila de Allariz
Club Balonmán Cidade das Burgas	G75927780	II Torneo Solidario de Nadal Balonmán Cidade das Burgas
Asoc. Mulleres Rurais Entrenós	G32233512	I Andaina en apoio do Camiño de Santiago Portugués
Club Voolarouco	G32478257	"Campeonato Galego de Parapente Precisión 2026"
OUR-O	G19818970	5ª Prueba Liga Galega MTBO / MEIDA / Campionato Xunta de Galicia
Asoc. Xadrez Ourensán Universitario	G32314213	XII Torneo Internacional de Xadrez de Ourense
Asoc. Xuvenil Amencer	G32025405	Xornada de Xogos Populares
Club de Petanca de Petín	G23967482	"Torneo Petanca Feria 1812"
Club de Petanca de Petín	G23967482	Torneo Vendimia ano 2026

4º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

ENTIDADE SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	SUBVENCIÓN 2026
Club de Amigos do Motociclismo A Peroxa	G23868474	"Campeonato de España de Enduro de Piñor 31 10 e 1 del 11 2026"	4.080 €
Federación Gallega de Judo y Deportes asoc	G15109267	Supercopa España Junior XXII rofeo de Judo "Cidade de Ourense"	3.714 €
Escolas Deportivas Nogueira de Ramuín	G32478034	VIII Trofeo Kickboxing Ribeira Sacra	3.000 €
Running Sport Trial	G32413023	XIV Chandrexa Trail	3.000 €
Asoc. Baloncesto Xinzo	G32358186	XIII Torneo Internacional de Mini "Vilas de Ourense"	1.965 €
Club Natación Pabellón Ourense	G32310336	54 Trofeo Internacional Pedro Escudero	2.300 €
Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia	G27033737	II Open e XXXII Campionato Galego Júnior e Absoluto de Piscina	3.385 €

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

ENTIDADE SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	SUBVENCIÓN 2026
Club Deportivo OPEN	G32321325	OFH 2026 19º Torneo Internacional Hockey Veteráns	3.262 €
Federación Galega de Hockey	G32172058	"Campeonato España Selecciones Atuonómicas SUB21"	3.197 €
Federación Gallega de Halterofilia	G15121700	"Campeonato de España de Halterofilia Junior Masculino y Femenino 2026"	3.150 €
AEHDE Carballiño	G32440828	VI Trofeo Terras de Orcellón de Grupos Show de Patinaxe Artístico	2.100 €
Club Ciclista Xunqueira de Espadanedo 75	G26778548	Campionato de Galicia de DHI 2026 Xunqueira de Espadanedo	2.630 €
AEHDE Carballiño	G32440828	IX Vila de Carballiño de Patinaxe Artística na modalidade de Libre	2.250 €
Peña Ciclista Valdeorras Bike	G32238560	"Pedales Contra el Fuego"	2.999 €
Clube Deportivo Xadrez Ourense	G32361271	XIX Copa Galicia de Xadrez (Maristas), Ourense - IV Memorial "Emilio Rodríguez"	1.830 €
Federación Gallega de Lucha	G36651081	Xornada final da liga de deporte base de loitas olímpicas	1.350 €
Club Peña Trevinca Barco	G32022626	XX Andaina Outono O Barco de Valdeorras. 08/11/2026. Prueba Liga Galega de Andainas 2026-FGM.	2.000 €
Club Ximnasia Pavillón - Ourense	G32312589	XVIII Torneo Primavera Cidade de Ourense - 2026	1.350 €
Centro de Deportes Barco	G32033763	Torneo Valdeorras Perullo Cup 2026	2.265 €
Escolas Deportivas do Concello de Verín	G32420952	XIII Torneo Internacional F8 Vila de Verín (Alevín, Benjamín y Prebenjamín)	840 €
Asoc. Deportiva Aksseis	G24885709	III Torneo F7 - O Carballiño	1.500 €
Meigas Rodas	G42790105	II Copa Rollercross Vila Termal	1.506 €
Padelbit	G32458952	VII Torneo Padelbit by APERSA	1.194 €
Federación Gallega Deportes de Invierno	G32023665	Mushing de Boborás - Copa de España de Mushing	1.179 €
Club Ximnasia Escola Pavillón	G32346751	XX Torneo de Nadal Memorial Marosa Salgado Madriñan	1.174 €
Club Ourense Atletismo	G32314379	"Campeonato de España de Clubes de Primera División Femenina "Liga Iberdrola" - 1º Jornada"	1.169 €
Roller Ourense Escuela de Patinaje	G56508500	"Cto. España Pump Track y Copa España y I Sede Liga Nacional Skate Crosss"	1.156 €
Asoc. Baloncesto Xinzo	G32358186	3X3 Xinzo 2026	1.150 €
Club ADAS del Barco de Valdeorras	G32027195	VVIII Carreira Popular dos Santiños do Barco	450 €
Club Deportivo Ourela	G32441065	"Cto. I Fase Categoría Regional- Pontevedra-Ourense"	600 €
Ourensticks Hockey Club	G56220189	"Campeonato de España. Fase final juvenil femenino hockey sala"	1.136 €
Club ADAS del Barco de Valdeorras	G32027195	XV Carreira e Andaina do Nadal de A Rúa	450 €
Roller Ourense Escuela de Patinaje	G56508500	XIII Ed. Ourense Patina 2026	1.104 €
Escolas Deportivas Conc de Maceda Clube Dep	G32483307	IX Torneo F-8 de Maceda, Memorial Miguel Seara	1.079 €
Maese Riders Team	G32503252	IV Pumptrack Concello de Ourense	1.062 €
Club Deportivo Ourela	G32441065	"III Fase Niveles 1 al 8 - Pontevedra-Ourense"	390 €
Federación Gallega de Balonmano	G36690832	Torneo de Balonmán Cidade das Burgas	1.040 €

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

ENTIDADE SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	SUBVENCIÓN 2026
Special Olympics Galicia	G15771777	Marcha Ciclista Unificada Provincia de Ourense	674 €
Club Voolarouco	G32478257	"Campeonato Galego de Parapente Distancia 2026"	1.018 €
Xuventude Ourense Fútbol Sala	G32501579	Torneo autonómico Semana Santa Xuventude Ourense/Amoeiro	926 €
Maese Riders Team	G32503252	II MinDH Concello de Ourense	1.001 €
Escola Atlética de Pereiro de Aguiar - Ben Cho Sey	G32149890	I Trofeo Germán González	994 €
Club Deportivo Dereito-Empresariais de Ourense	G32218760	I Internacional Seniors Campus Ourense	976 €
Asoc. Acudin	G56697352	Prueba Motonáutica Inclusiva Cortegada 2026	954 €
Asoc. Acudin	G56697352	Radio Control Electrónico Inclusivo Castrelo de Miño	928 €
Federación Gallega de Motonáutica	G36663664	Proba do Campionato Galego de Slalom de motos acuáticas	925 €
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	G32324865	Equites Limicorum	920 €
Padelbit	G32458952	Torneo Menores Padelbit	912 €
Club de Tiro Eiroás	G32019077	Trofeo San Sebastián 2026	886 €

5º) Ampliar o prazo xeral de xustificación das subvencións concedidas e establecido nas bases da convocatoria, ata o 30 de novembro de 2026.

6º) Proceder á publicación do pertinente acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para coñecemento e efectos oportunos.

7º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2026 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS (Exp. 2025/20239H).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- **Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2026** no Concello de Baños de Molgas, do xeito seguinte:

A. Causan baixa do plan as seguintes actuacións, no Programa de investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora de servizos na praza de San Martiño de Betán	44.000,00	44.000,00	0,00

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

B. Causan alta no plan as seguintes actuacións, no Programa de investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora pavimento na pista deportiva do pavillón municipal	44.000,00	44.000,00	0,00

2º.- Do citado acordo deberá darse conta á corporación provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

8º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DA TEIXEIRA, PARA EQUIPAMENTO DA RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE. Importe: 30.000,00 euros. (Exp. 2026/8093X).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello da Teixeira, nos seguintes termos:
-**Importe**: 30.000,00 euros.

-**Obxecto**: Equipamento da Residencia da Terceira Idade.

-**Xustificación:** A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (34.907,14 euros, dos que 34.362,64 euros corresponden ao orzamento de contrata e 544,50 euros aos honorarios técnicos) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8.- Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

As actuacións obxecto deste expediente serán executadas pola entidade beneficiaria con suxeición ó disposto na lexislación vixente de contratos do sector público e na normativa sectorial de aplicación. Daráselle absoluta preferencia á utilización dos procedementos de contratación aberto e restrinxido (en canto procedementos ordinarios de contratación). Non obstante o anterior e previa resolución motivada da que quedará constancia no expediente, poderá recorrerse a calquera outros procedementos que poidan resultar de aplicación de conformidade co disposto na lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP). De recorrerse a procedementos de contratación menor, deberá constar expresamente no expediente que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e, no caso das obras, que constitúe unha obra completa nos termos reflectidos na LCSP. A estes efectos, faise constar que existe fraccionamento, en todo caso e sen prexuízo doutros supostos, cando nun mesmo exercicio adxudícanse dous ou mais contratos menores cuxo obxecto sexa idéntico ou de similar natureza, entendo como tal, en todo caso, verbo da contratación de obras e servizos, as prestacións correspondentes o mesmo grupo e subgrupo de clasificación dos enunciados respectivamente nos artigos 25 e 37 do regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Non se admitirá a execución directa de obras nin a fabricación de bens mobles polos servizos municipais, ben sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou ben coa colaboración de empresarios particulares, co fin de simplificar o trámite de xustificación das axudas e evitar a incoación de eventuais procedementos de reintegro ou perda do dereito a percibir a subvención, por defectos no dito trámite.

Nos contratos menores, deberase ter en conta o concepto de **unidade funcional ou operativa** previsto no artigo 101.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, coa interpretación que recollen os diversos informes da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, tales como o número 9/2018, do 5 de abril de 2018, o

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

número 45/2018 do 2 de xullo de 2018, o número 111/2018 de 15 xullo de 2019, ou o número 14/2020 de 29 de xullo de 2020.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de control interno desta Deputación, levará a cabo as actuacións de comprobación que procedan no marco do control financeiro da entidade. Neste senso, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións

As subvencións nominativas concedidas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada.

No caso de concorrer unha subvención do Plan Cooperou cunha subvención nominativa concedida por esta Deputación Provincial para a mesma finalidade, deberase garantir a ausencia de sobrefinanciamento.

Para isto, os beneficiarios teñen a obriga de desagregar e indicar expresamente a imputación de cada gasto á axuda correspondente. Un mesmo xustificante ou factura non poderá ser financiado por ambas liñas de axuda de forma simultánea, salvo que se especifique claramente a contía exacta ou a porcentaxe de participación asumido por cada unha, sen superar en ningún caso o custo total da actuación.

Nestes supostos de concorrencia, o prazo de xustificación quedará subordinado ao prazo establecido no respectivo Plan de Cooperación.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de xuño de 2027.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.ç

9º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE PUNXÍN, PARA MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS. Importe: 100.000,00 euros. (Exp. 2026/13453J).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Punxín, nos seguintes termos:

-Obxecto: Mellora de infraestruturas municipais.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

-**Importe**: 100.000,00 euros.

-Xustificación: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (100.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón dos seguintes proxectos:

3.1.- Acondicionamento camino en Vilela, Freás y Vilerma: importe da obra 53.183,13 euros e 3.574,34 euros dos honorarios técnicos.

3.2.- Acondicionamento camino Figueiroa – Barxelas: importe da obra 40.518,59 euros e 2.723,94 euros de honorarios técnicos.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8.- Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

As actuacións obxecto deste expediente serán executadas pola entidade beneficiaria con suxeición ó disposto na lexislación vixente de contratos do sector público e na normativa sectorial de aplicación. Daráselle absoluta preferencia á utilización dos procedementos de contratación aberto e restrinxido (en canto procedementos ordinarios de contratación). Non

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

obstante o anterior e previa resolución motivada da que quedará constancia no expediente, poderá recorrerse a calquera outros procedementos que poidan resultar de aplicación de conformidade co disposto na lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP). De recorrerse a procedementos de contratación menor, deberá constar expresamente no expediente que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e, no caso das obras, que constitúe unha obra completa nos termos reflectidos na LCSP. A estes efectos, faise constar que existe fraccionamento, en todo caso e sen prexuízo doutros supostos, cando nun mesmo exercicio adxudícanse dous ou mais contratos menores cuxo obxecto sexa idéntico ou de similar natureza, entendo como tal, en todo caso, verbo da contratación de obras e servizos, as prestacións correspondentes o mesmo grupo e subgrupo de clasificación dos enunciados respectivamente nos artigos 25 e 37 do regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Non se admitirá a execución directa de obras nin a fabricación de bens mobles polos servizos municipais, ben sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou ben coa colaboración de empresarios particulares, co fin de simplificar o trámite de xustificación das axudas e evitar a incoación de eventuais procedementos de reintegro ou perda do dereito a percibir a subvención, por defectos no dito trámite.

Nos contratos menores, deberase ter en conta o concepto de **unidade funcional ou operativa** previsto no artigo 101.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, coa interpretación que recollen os diversos informes da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, tales como o número 9/2018, do 5 de abril de 2018, o número 45/2018 do 2 de xullo de 2018, o número 111/2018 de 15 xullo de 2019, ou o número 14/2020 de 29 de xullo de 2020.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de control interno desta Deputación, levará a cabo as actuacións de comprobación que procedan no marco do control financeiro da entidade. Neste senso, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións

As subvencións nominativas concedidas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada.

No caso de concorrer unha subvención do Plan Cooperou cunha subvención nominativa concedida por esta Deputación Provincial para a mesma finalidade, deberase garantir a ausencia de sobrefinanciamento.

Para isto, os beneficiarios teñen a obriga de desagregar e indicar expresamente a imputación de cada gasto á axuda correspondente. Un mesmo xustificante ou factura non poderá ser financiado por ambas liñas de axuda de forma simultánea, salvo que se especifique claramente a contía exacta ou a porcentaxe de participación asumido por cada unha, sen superar en ningún caso o custo total da actuación.

Nestes supostos de concorrencia, o prazo de xustificación quedará subordinado ao prazo establecido no respectivo Plan de Cooperación.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de xuño de 2027.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

10º ASUNTOS DE URXENCIA. Non se suscitaron.

11º COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA. Non se presentaron.

12º ROGOS E PREGUNTAS. Non se formularon.

E, ás dez e catorce minutos do referenciado día vinte e seis de outubro do ano dous mil vinte e seis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.

.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN
OURENSE

O Secretario Xeral
Documento asinado
electrónicamente mediante
actuación administrativa
automatizada.
27/10/2026

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473774043026416 en https://sede.depourense.es